

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O
DÍA 31 DE XANEIRO DE 2020**

No Concello da Laracha (A Coruña) a trinta e un de xaneiro do dous mil vinte, sendo as trece horas e trinta minutos, e co fin de celebrar en primeira convocatoria a sesión ordinaria do Concello Pleno conforme ao disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (R.O.F.) aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, fixada ao efecto para o día de hoxe, reúnense na Casa Consistorial os srs. Concelleiros/as que a continuación se relacionan:

Sres Asistentes

ALCALDE-PRESIDENTE

JOSÉ MANUEL LÓPEZ VARELA

CONCELLEIROS/AS

JOSÉ RAMÓN MARTÍNEZ BARBEITO

JESÚS SOUTO PENA

RAMIRO BELLO RECOUSO

JOSÉ ALBERTO BLANCO VEIGA

ROCÍO LÓPEZ REY

PATRICIA MARÍA BELLO CANEDO

ADELINA LISTE MONELOS

CRISTINA VIEITES CALVO

PABLO CAMBÓN BÉRTOA

BEGOÑA DOMÍNGUEZ

PATIÑO

MARÍA PALOMI RODRÍGUEZ

CASTIÑEIRA

ALBA DOLORES TOBA

FERREIRO

JOSÉ MARTÍNEZ AGEITOS

MARÍA PILAR NEIRA
MARTÍNEZ
XOAN MANOEL SANDE MUÑÍZ
CAROLINA CASTIÑEIRAS BRANDÓN

Asiste como secretaria, a da Corporación, Cristina Castro Fuentes, que da fe do acto.

Asiste o interventor da Corporación, Eduardo Mera Rico.

Aberto o acto pola Presidencia, a continuación procedese ao exame dos asuntos comprendidos na Orde do Día.

Previo ó inicio da sesión a Corporación garda un minuto de silencio pola vítimas de violencia de xénero desde ano 2020

Aberto este pola Presidencia, a continuación procedeuse ao exame dos asuntos comprendidos na Orde do Día.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DAS ACTAS DAS SESIÓNS DA CORPORACIÓN DE DATAS 13.12.2019 E 27.12.2019.

Non habendo intervencións enténdense aprobadas as actas por unanimidade.

2.- DACIÓN DE CONTA DE DECRETOS DE ALCALDÍA

Explica o alcalde que se traen a Pleno os Decretos que van dende o 10 de decembro de 2019 ata o 24 de xaneiro de 2020 (nº 22)

Non se producen intervencións.

3.- MOCIÓNS DE URXENCIA

5.1. MOCION DO BNG Nº 135 DE REXISTRO RELATIVA A POLÍTICA SANITARIA DA XUNTA DE GALICIA

O concelleiro nacionalista Xoán Sande da lectura a súa moción

Mostran a súa preocupación dende o grupo municipal do BNG pola situación e perspectivas da sanidade pública como consecuencia da Política Sanitaria da Xunta baseada nos recortes de

recursos e orzamentos, no desmantelamento de hospitais comarcais e redución de consultas no Centro de Especialidades de Carballo, abandono de centros de atención primaria, ocultación e manipulación de listas de espera, explotación de persoal, derivación de doentes a centros de atención primaria. Considera o grupo municipal que se trata dun momento importante onde todos os grupos deben facer forza para conseguir que na Laracha a na Área Sanitaria se poida dispor de servizos sanitarios públicos de calidade.

O concelleiro 1º tenente de alcalde José Ramón Martínez do grupo municipal do PP xustifica o seu voto en contra co seguinte argumentario:

O servizo galego de saúde ten un orzamento para 2020 con 121.7 millóns mais que o ano anterior. Os gastos de persoal tamén incrementáronse en 59 millóns mais polo incremento de prazas e o abono do 100% da carreira profesional. O orzamento de atención primaria é de 46 millóns mais de euros que no 2019. En canto as listas de espera séguese a traballar na mellora dos tempos de agarda cirúrxicos e respecto aos centros privados xustifícase polo concelleiro popular que leva facéndose dende hai décadas e dun xeito complementario aos servizos prestados polo Sergas

A concelleira socialista María Palomi Rodríguez manifesta (se copia) que a *sanidade pública vive momentos de difícil equilibrio entre a inmensa calidade e capacidade dos/as seus profesionais, e a evidente ineficiencia dos seus dirixentes.*

O compromiso dos socialistas coa sanidade pública é unha vinculación inseparable, e a cidadanía así o percibe ao indicar sempre nas avaliacións que somos os socialistas quen mellor xestionamos a sanidade. En España os anos de goberno Rajoy foron moi duros para a sanidade pública, con recortes constantes que danaron a capacidade asistencial do sistema. En Galicia a década Feijóo redobrou ese esforzo en recortes, e así a cidadanía galega valora ao sistema como o terceiro peor de todas as CCAA, como indica ano tras ano o barómetro sanitario oficial. Esta valoración destaca moi ben aos profesionais, pero 3 de cada 4 galegos/as afirman que son necesarios cambios na xestión.

Os gobernos Feijóo empobreceron o sistema sanitario en diversos campos. Dende que Feijóo accedeu ao goberno galego a atención primaria perdeu máis de 1100 profesionais e 180 millóns de euros só en atención primaria, segundo se amosa nos propios orzamentos oficiais.

Núñez Feijóo modificou a lexislación para quitar toda a autonomía de decisión aos hospitais comarcais, creando unha Galicia de dúas velocidades onde os centros comarcais teñen cada vez menos servizos, e perden profesionais. O peche do paritorio de Verín foi a gota que colmou o vaso, evidenciándose agora que era posible resolver se houbera vontade no seu momento, e quedando claro que pechalo foi unha decisión intencionada, que sinala tamén a posibilidade de pechar servizos semellantes no resto de hospitais comarcais.

A precarización dos empregados da sanidade pública ven sendo inaceptable nestes anos. A vontade explotadora en termos laborais fai un sistema máis ineficiente, con mais demoras e con inestabilidade permanente, o que impide crear novas posibilidades de servizo e traballar nas melloras necesarias.

Nesta mesma lexislatura o Sergas ten sido condenado xudicialmente en numerosas ocasións polo sistema de contratación e que insta a corrixir que se contrate por días ou por horas de maneira encadeada para cubrir prazas que deberan ser convocadas de maneira estable.

Por todo isto, vivíronse nestes anos numerosas mobilizacións de profesionais e cidadanía, dimisións en bloque como os xefes de atención primaria de Vigo, folgas como os traballadores de ambulancias, servizos de urxencias e PACs...

Ante todo isto, atopouse un goberno incapaz de transformar e de afrontar os problemas, que se parapeta e trata con desdén a todos os colectivos

O concelleiro nacionalista xustifica a súa moción na falta de cobertura suficiente de prazas como por exemplo en pediatría

O alcalde considera que sí se está invertindo en sanidade, por exemplo o novo CHUAC. Que o problema co servizo de pedatría é pola falta de especialistas.

Non se entra mais no debate do fondo do asunto porque non sae adiante a urxencia da moción

Votos urxencia da moción:

6 a favor (4 PSOE e 2 BNG)

11 en contra (PP)

3.2. MOCIÓN DO PSOE DE 20 DE XANEIRO DE 2020 RELATIVA AO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

A concelleira socialista María Palomi Rodríguez da lectura á moción presentada polo seu grupo cuxa parte dispostiva trata de:

A Axuda no Fogar é unha desas competencias impropias, xa que lle corresponde a administración autonómica e estatal pero que supón unha importante carga financeira ás veces xa inasumible para os orzamentos locais.

A Xunta de Galicia aporta dende o 2008 9.70€/hora. Outras administracións como a provincial dende o 2018 12 €/hora.

Nos últimos anos incrementáronse os prezos/h ata una media de 16€/hora e 23€/hora, os salarios incrementáronse e os convenios modificáronse.

Polo anterior instamos (se copia):

1º.- A Xunta de Galicia e o Goberno do Estado a asumir o custo dunha competencia que le é propia, ou cando menos, dotar aos concellos das cantidades orzamentarias suficientes para facerlles fronte, chegando como mínimo a aportación que fai a Deputación de A Coruña.

2º.- A Xunta de Galicia a negociar e aprobar cos concellos, a través da FEGAMp, nos primeiros catro meses do ano 2020 un sistema de financiamento xusto e acorde coas condicións laborais do ano 2020 que permita aos concellos manter e mellorar o servizo de atención á dependencia e axuda no fogar.

O concelleiro 1º tenente de alcalde José Ramón Martínez do grupo municipal do PP xustifica o seu voto en contra co seguinte argumentario:

Di que non é certo que sexa un servizo impropio.

Que a Xunta aporta mais de 48 millóns de euros para os concellos da provincia, 14 veces mais que a cantidade da Deputación ao SAF básico.

Que o que se bota en falta é que non se le esixa ao Goberno da nación que cumpra coa Lei de Dependencia que establece un financiamento ó 50% entre a administración central e autonómica.

Non se entra mais no fondo do asunto por mor de que non se aproba a urxencia da moción.

Votación da urxencia: a favor 6 (4 PSOE +2BNG), en contra 11 (PP)

3.3. MOCIÓN DO PP DE 30 DE XANEIRO DE 2020 CO Nº 296 RELATIVA A SOLICITAR Á DEPUTACIÓN A AMPLIACIÓN DAS ESTRADAS DE TITULARIDADE PROVINCIAL

Da lectura á moción o concelleiro do grupo popular José Ramón Martínez, 1º Tenente de alcalde, cuxa parte expositiva di:

Instar á Deputación Provincial da Coruña como titular das estradas DP-1913 e DP- 0513 a:

1º.- ampliar a plataforma da calzada na estrada DP-1913 e establecer as medidas de seguridade oportunas entre A Laracha e a estrada DP-19009 (Bértoa-Caión) e A Laracha e a canteira de Soandres (inmediacións do enlace coa AC-400) incluíndo o ancheamento das pontes sobre o río Anllóns existentes nos lugares de Os Muíños e A Veiga. Así mesmo solicítase que no tramo urbano desta estrada sexa creada a senda peonil na marxe da clazada que non dispón dela e ampliar dita senda en ambas marxes ata o final do lugar de Gabenlle para consolidar a travesía urbana nese núcleo de poboación.

2º.- Ampliar a plataforma da calzada na estrada DP-0513 e establecer as medidas de seguridade oportunas entre A Barreira e o enlace coa DP-0514 (estrada Arteixo – Caión)

Intervén o concelleiro nacionalista Xoán Sande e di que o seu grupo vai votar a favor.

A concelleira socialista María Palomi Rodríguez di que van votar a favor

Sométese a votación a uxencia da moción resultando aprobada por unanimidade dos asistentes.

Éntrase no fondo do asunto.

Di o alcalde que existen varias vías provinciais, en especial a de A Laracha- A canteira que ten e soporta moito tráfico (o triple dende a apertura da 3º ronda) . Que deben ampliarse as dúas

pontes.

En relación ás árbores di que habería que manter as da dereita e as da esquerda quitalos. O alcalde considera importante que se aprobé esta solicitude de cesión da titularidade das vías provinciais.

Sométese a votación a moción resultando aprobada por unanimidade.

3.4. MOCIÓN DO PP DE 29 DE XANEIRO DE 2020 CO Nº 285 RELATIVA A DECLARAR O APOIO DO CONCELLO DA LARACHA Á RECLAMACIÓN DO IVE DA XUNTA AO ESTADO.

Da lectura á moción o concelleiro do grupo popular José Ramón Martínez, 1º Tenente de alcalde, cuxa parte expositiva di:

1º.- Declarar o apoio deste concello á reivindicación da Xunta de Galicia ante o Goberno de España para que ingrese as contías do Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) non liquidadas correspondentes ao exercicio 2017 como consecuencia da implantación do sistema de Información inmediata.

2º.- Declarar o apoio deste concello á reivindicación da Xunta de Galicia ante o Goberno de España dunha convocatoria urxente do Consello de Política Fiscal e Financieira , cunha orde do día que inclúa un punto específico para abordar a aprobación a Galicia dos incentivos polo seu bo desempeño fiscal nos anos 2017 e 2018

3º.- Dar traslado destes acordos ao goberno de España, á Xunta de Galicia e aos Grupos Parlamentarios do Congreso dos deputados e do Parlamento de Galicia

Os concelleiros Xoán Sande, nacionalista e María Palomi Rodríguez, socialista presentan sendas enmendas.

Enmeda do concelleiro Xoán Sande:

1º.- Instar a Xunta a reclamar as cantidades adebedadas polo goberno central

2º.- Instar á derogación da Lei de Estabilidade Orzamentaria e a conseguinte reforma do artigo 135 da CE por ser unha norma que afoga ás Administracións, especialmente ás locais

Sométese a votación a enmenda do concelleiro nacionalista resultando rexeitada por 6 votos a favor (4 do PSOE e 2 do BNG) e 11 en contra (do PP)

Enmenda da concelleira María Palomi Rodríguez:

1.Reclamar a reforma urxente do financiamento autonómico para garantir a autonomía e suficiencia das Comunidades Autónomas, e singularmente Galicia, para prestar os servizos da súa competencia en igualdade de condicións financeiras ao conxunto de España.

2. Demandar a aprobación rápida dos Orzamentos Xerais do Estado para 2020, que permita normalizar a relación financeira entre a administración xeral do Estado e as Comunidades Autónomas.

3. Neste marco, promover unha solución para o IVA desprazado de 2017, de xeito que poida retornarse ao calendario previo ao da reforma Montoro de 2017.

Sométese a votación a enmenda resultando rexeitada por 6 votos a favor (4 do PSOE + 2 do BNG) e 11 votos en contra

Sendo rexeitadas as dúas enmendas sométese a votación a moción resultando aprobada por unanimidade dos asistentes.

3.5. MOCIÓN DO PP DE 29 DE XANEIRO DE 2020 CO N° 285 RELATIVA A APOIO AO SECTOR MAR-INDUSTRIA ALIMENTARIO

Explica o alcalde a moción que presenta o seu grupo, cuxa parte expositiva di:

1º.- Instar ó Goberno do Estado, e especialmente ó Ministerior para la Transición Ecológica y el reto Demográfico a que

- Recoñeza a realidade da Comunidade Autónoma de Galicia e da Comarca de Bergantiños en relación á realidade histórica e socioeconómica do sector mar-industria, acuicultura e marisqueo que ó longo do último século serviu como base fundamental para o desenvolvemento social e económico desta comunidade, e que pon en entredito un regulamento absurdo que demostra o claro descoñecemento da realidade social da nosa bisbarra
- Con carácter previo á aprobación de modificación alguna, establecer unha mesa de análise e negociación cos sectores vinculados ó mar para chegar aun acordó que permita que o proxecto do Regulamento Xeral de Costas e a Lei de Costas teñan en conta as reivindicacións socioeconómicas do sector do mar de Galicia

2º.- Negociar e aceptar un acordó para que se teña en conta en dito proxecto e na súa lei, no tocante ó prazo das súas concesións, para as actividades económicas do complexo mar-industria da comarca que para o seu indispensable funcionamento deban estar no litoral, comece a contar o prazo de concesión a partir da solicitude de prórroga extraordinaria e non desde data de concesión orixinal.

3º.- Dar traslado do presente acordo ó Goberno do Estado

Intervén o concelleiro nacionalista Xoán Sande e di que está o seu grupo en contra da moción porque debe protexerse a costa e que empresas como EMCE deben desaparecer.

A concelleira socialista di que o seu grupo vai presentar unha enmenda.

Sométese a votación a urxencia da moción resultando aprobada por unanimidade.

Cópiase a enmenda da concelleira socislista María Palomi Rodríguez

O concello da Laracha insta a Xunta de Galicia:

- 1. Aclarar publicamente que todas as resolucións de concesión sobre o dominio público marítimo-terrestre se fan de acordo coa lei de Costas de 2013 e o seu regulamento de desenvolvemento de 2014.*
- 2. Respetar a veracidade nas declaracións feitas por calquera persoa membro do Goberno galego en relación á materia de resolucións de concesión sobre o dominio público marítimo-terrestre, desbotando calquera declaración electoralista.*
- 3. Trasladar ao Goberno de España e ao seu Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico (Vicepresidencia 4ª) a necesidade de ter en conta a especial relación co mar que presenta Galicia e, polo tanto, a necesidade de facer compatibles a preservación do litoral e a paisaxe co mantemento dos postos de traballo e a actividade no borde litoral.*
- 4. Demandar ao Goberno de España:*
 - a) A aplicación da actual normativa legal (Lei de costas de 2013 e regulamento de 2014) coa máxima flexibilidade posible, para facilitar o desenvolvemento de actividades compatibles coa protección do litoral.*
 - b) Que calquera futura modificación normativa que afecte á normativa de costas se faga mediante un diálogo amplo cos representantes dos sectores afectados e as autoridades locais e autonómicas pertinentes, ademais dos mecanismos xa previstos na lexislación, de xeito que se procuren as mellores solucións para impulsar a actividade económica e, ao tempo, a protección do noso litoral.*

Sométese a votación a enmenda integrándose na propia moción resultando aprobada por unanimidade. Apróbase polo tanto por unanimidade a moción presentada polo PP coa enmenda presentada pola concelleira socislista María Palomi Rodríguez integrada nela.

4º.- ROGOS E PREGUNTAS

4.1. PREGUNTA DO BNG Nº 244 DE 24.01.2020

¿ Teñen coñecemento no goberno municipal das queixas dos usuarios e usuarias do SAF con respecto á prestación do Servizo de Axuda no Fogar pola empresa “ponte” contratada? De ser así, tende adoptado alguna medida coa empresa contratada para que se corrixa as deficiencias? En qué situación está o proceso para a nova licitación do servizo?

Explica a concelleira Rocío López do PP os motivos polos que en ocasións faise necesario cambiar a auxiliar dunha vivenda (cubrir unha baixa, unha ausencia..). respecto ó novo servizo..explícase que o expediente está practicamente listo pero houbo moito traballo que facer.

4.2. ROGO DO PSOE – CUNETA NA CALVELA

O grupo municipal socialista quere dar conta do perigo que existe na cuneta que está xusto na encrucillada da Clavela, golmar pois xa é o quinto coche que queda encastrado. Por este motivo reoga que co fin de garantir a seguridade dos e das cidadáns, se adopten con urxencia as medidas precisas para a reparación de dita cuneta. Dille o alcalde que parece que debe haber xente que conduce cara a cuneta, porque senón non se explica.

4.3. ROGO DO PSOE- MALEZA EN FINCA EN CAIÓN

O grupo municipal socialista quere trasladar as queixas manifestadas por vecinos e veciñas da avenida de caión pola maleza existente en torno a unha finca cuxo pésimo estado está ocasionando molestias ás persoas veciñas da zona e por isto roga que por parte da alcaldía se adopten con urxencia as medidas precisas para solucionar o problema mencionado. Contéstalle o alcalde que a orde de limpeza está notificada.

4.4. PREGUNTA PSOE. NIÑOS DE VELUTINA

Di a concelleira socialista María palomi Rodríguez que o 5 de decembro de 2019 a Directora Xeral de Administración Local remitiu a todos/as os/as alcaldes/as unha misiva informándoos do acordó entre o Goberno galego e a Fegamp co obxectivo de poner en marcha de forma coordinada e conxunta un plan para a retirada dos niños de vespa velutina en todo o territorio galego para o 2020. En base ao anterior pregunta

. Remitiu o concello da Laracha correo electrónico comunicando á Administración autonómica o seu interese en adherirse ao mencionado acordó?

. En caso afirmativo, en que data foi remitido e cal foi o medio?

. No suposto caso de que o Concello da Laracha non optara por adherirse a este acordó cá é a planificación que ten pensado realizar o Concello da Laracha para xestionar este asunto sobre a retirada dos niños da vespa velutina no ano 2020?

Contéstalle o alcalde que o mail foi contestado o mesmo día que chegou

4.5. PREGUNTA DO PSOE RELATIVA AOS CURSOS DE EMPRENDEMENTO

A concelleira socialista María Palomi Rodríguez explica que o 25 de xaneiro de 2020 a través dos medios de comunicación coñeceuse que o Concello da Laracha acollerá dous cursos sobre o emprendemento e emprego dirixidos a mulleres co obxectivo de pontenciar o emprendemento e mellorar as competencias das participantes na busca activa de emprego e por isto formula as seguintes preguntas

.- Qué análise previo ten feito o Goberno municipal de cara a organización destes cursos?

.- Cal é a programación anual en función dese análise previo?

Contéstalle o alcalde que na actualidade existen dous Obradoiros, 1 orientador e múltiples cursos.

4.6. PREGUNTA DO PSOE SOBRE OS CAIXEIROS

Comenta a concelleira socialista María Palomi Rodríguez que sabe que o alcalde en FITUR mantivo xuntanzas con empresas e organismos e unha das empresas instala caixeiros automáticos e que habendo conta de que o núcleo de Caión carece de caixeiros pregunta

.- Pode o Sr. Alcalde informarnos de cales foron as propostas, os posibles custos e as condicións para a instalación deste tipo de caixeiros?

.- Valorou o sr. Alcalde se este tipo de instalación serían viables para instalar no núcleo urbano de Caión?

Contéstalle o alcalde que a proposta que le fixo a empresa non le acaba de convencer. Que o mellor que le podería pasar a caión era que o caixero fora dunha sucursal bancaria. Que ogallá fora de abanca.

E, sendo as 14:55h dase por rematada a sesión.